

## ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: extraordinaria

NÚMERO: 2020/2

DATA: xoves 16 de xaneiro de 2020

LUGAR: Salón de Plenos - Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 20:00 h

HORA DE REMATE: 20:51 h

PRESIDE ADOLFO FRANCISCO MUIÑOS SANCHEZ

SECRETARÍA accidental VICENTA A. CAMPAÑA MARTINEZ, que redacto esta acta.

INTERVENTORA PATRICIA FERNÁNDEZ PEREZ

### ASISTEN

BNG

XUSTO XOSE ORDOÑEZ FIGUEIRA

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO

ADELINA CES QUINTANS

RAQUEL GARCIA ABUIN

TOBIAS BETANZOS REGO

PP

GERMAN ALLUT VIDAL

FRANCISCO RUBIO VICENTE

ALICIA CAROU ROMERO

PSdeG-PSOE

MARIA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES

FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES

ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA

MARIA JOSE TEMBRA MUÑIZ incorporase as 20:06 h.

Rianxo en Común-SON

JULIAN BUSTELO ABUIN

JULIO ALCALDE HERMO

Ciudadanos

SARA MARIA RESUA PATIÑO

### AUSENTES

PP

MARIANO MOARES RIAL

### ORDE DO DÍA

#### 1. Conta Xeral de 2018

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 177,150 exp. 2020/G010/000002

## DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2020/G010/000002 e identificado pola pegada dixital:

**ac5382cfa40c40737a7683c2e8cbe116a32259e17b9e052b68c2a3ebf75dbe2a**

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

**<https://www.youtube.com/watch?v=IBl0ZxFGc7k>**

## ACORDOS

### PROPOSTAS ORDINARIAS

#### **1 APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2018**

O alcalde da conta de proposta que a continuación de transcribe:

Expte. De orixe: 2019/X999/001049

O expediente da Conta Xeral do Concello de Rianxo de 2018 consta elaborado, de acordo coas normas incluídas na Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local, que comezou a aplicarse na contabilidade deste ano.

O 11/12/2019 ditei a Resolución da Alcaldía núm. 1016/2019, pola que se acorda aplicar a tramitación de urxencia ao procedemento da aprobación da Conta Xeral, co fin de reducir os prazos e axilizar na medida da posible a aprobación e rendición deste documento ao Consello de Contas.

O 16/12/2019 o documento ditaminouse favorablemente pola Comisión Especial de Contas, para poder iniciar o período de exposición pública, de acordo cos apartados 2 e 3 do artigo 212 do texto refundido da Lei das facendas locais.

O período de exposición pública iniciouse o 19/12/2019, día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP núm. 240 do 18/12/2019. O período de información pública, de 8 días hábiles por aplicarse a tramitación de urxencia, finalizou o 31/12/2019. O período para a presentación de alegacións, 4 días adicionais, finalizou o 08/01/2020.

A secretaria emitiu o 09/01/2020 un certificado de que non consta ningunha entrada rexistrada de alegación á Conta Xeral. Polo tanto, o trámite seguinte é o da súa aprobación plenaria segundo o artigo 212.4 do texto refundido da Lei das facendas locais, co fin de remitila ao órganos de control externo.

## PROPOÑO

### PRIMEIRO

Aprobar a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2018 do Concello de Rianxo nos termos e coa documentación que consta no expediente.

### SEGUNDO

Unha vez aprobada, remitirla ao Consello de Contas para a súa fiscalización, de acordo cos artigos 212 e 223 do Real Decreto Legislativo 2/2004.

### TERCEIRO

Darlle traslado deste acordo á Intervención Municipal para proseguir cos trámites de remisión do documento ao Consello e ao Tribunal de Contas.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

A proposta APRÓBASE con 11 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE e 1 membro do grupo Ciudadanos), cero votos en contra e cinco abstencións (3 membros do grupo PP e 2 membros de Rianxo en Común), dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación

## DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2020/G010/000002 e identificado pola pegada dixital:

**ac5382cfa40c40737a7683c2e8cbe116a32259e17b9e052b68c2a3ebf75dbe2a**

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

**<https://www.youtube.com/watch?v=IBl0ZxFGc7k>**

A secretaria accidental, Vicenta A. Campaña Martínez

O alcalde, Adolfo Muíños Sánchez